



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA VINTE E NOVE DE XULLO DE 2015.

PRESIDENTE

D. Pablo Diego Moreda Gil

CONCELLEIROS

Don Manuel Pérez Riola
Don Nicolás Vergara Quintiana
Dona M^a José Rodríguez Pérez
Dona Manuela López Rodríguez
Don José Camilo Casal García
Don José Antonio Muiño Vilela
Don Luis Rubido Ramonde
Don Alfredo Vilela Santalla
Don Pablo Luis Nebril López
Dona Esther Couto Lamigueiro
Dona M^a Luisa Pérez Prieto
Don Esteban Blanco Garrote

AUSENTES:

SECRETARIA:

Dona Ana Velo Ruiz

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás vinte horas do día vinte e nove de xullo de dous mil quince, réunese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

Pola Presidencia se anuncia que unha vez que remate o Pleno o grupo de goberno quedarase para responder ás dúbidas que o público asistente poida ter a nivel xeral e convida a todos os concelleiros a que se poidan quedar si eles o cren oportuno.

A continuación se pasa ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE 08.07.2015

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 08.07.2015.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao extraordinario de 08.07.2015, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2.- DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Segundo escritos presentados polos voceiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE de 20 de xullo de 2015 (rex entrada 4547), do Grupo Municipal do BNG de 20 de xullo de 2015 (rex entrada 4548), do Grupo Municipal de ANOVA de 20 de xullo de 2015 (rex entrada 4549) e do Grupo Municipal do PP de 21 de xullo de 2015 (rex entrada 4565), a composición das Comisións Informativas da Corporación municipal é a seguinte:

Comisión Informativa de Plenos:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- Don Manuel Pérez Riola (PSOE)

SUPLENTE:

- D. Nicolás Vergara Quintiana (PSOE)

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)

SUPLENTE:

- D.^a María José Rodríguez Pérez (BNG)

- D. Camilo Casal García (ANOVA)

SUPLENTE:

- D. José Antonio Muiño Vilela (ANOVA)

- D. Luis Rubido Ramonde (PP)

- D. Alfredo Vilela Santalla (PP)

- D. Pablo Luis Nebril López (PP)

SUPLENTES:

- D. Esther Couto Lamigueiro (PP)

- D.^a María Luisa Pérez Prieto (PP)

- D. Esteban Blanco Garrote (PP)

Comisión Informativa de Urbanismo:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- Don Manuel Pérez Riola (PSOE)

SUPLENTES:

- D. Nicolás Vergara Quintiana (PSOE)

- D^a María José Rodríguez Pérez (BNG)

SUPLENTE:

- D.^a Manuela López Rodríguez (BNG)



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

- D. Camilo Casal García (ANOVA)

SUPLENTE:

- D. José Antonio Muiño Vilela (ANOVA)

- D. Luis Rubido Ramonde (PP)

- D. Alfredo Vilela Santalla (PP)

- D. Pablo Luis Nebril López (PP)

SUPLENTE:

- D^a. Esther Couto Lamigueiro (PP)

- D^a. María Luisa Pérez Prieto (PP)

- D. Esteban Blanco Garrote (PP)

Comisión Especial de Contas:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- Don Manuel Pérez Riola (PSOE)

SUPLENTE:

- D. Nicolás Vergara Quintiana (PSOE)

- D^a María José Rodríguez Pérez (BNG)

SUPLENTE:

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)

- D. Camilo Casal García (ANOVA)

SUPLENTE:

- D. José Antonio Muiño Vilela (ANOVA)

- D. Luis Rubido Ramonde (PP)

- D. Alfredo Vilela Santalla (PP)

- D. Pablo Luis Nebril López (PP)

SUPLENTE:

- D. Esther Couto Lamigueiro (PP)

- D^a. María Luisa Pérez Prieto (PP)

- D. Esteban Blanco Garrote (PP)

3.- APROBACIÓN INICIAL MC 13 2015 CE 01 2015 SC 01 2015

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Plenos o día 24.07.2015 do seguinte teor literal:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

"Vista a proposición da Alcaldía de data 20 de xullo de 2015, que dí:

"PROPOSTA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA MC 13 2015 CE 01 2015 SC 01

2015

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1 2015-SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1 2015

A Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público posibilitou o emprego do remanente de tesourería para gastos xerais a finalidades distintas da amortización da débeda.

No pleno do 25 de marzo de 2015 aprobouse o recoñecemento extraxudicial de crédito 1-2015, condicionando a aprobación das facturas á modificación presupostaria financiada co remanente de tesourería.

No expediente correspondente, a Intervención informa favorablemente a aplicación do remanente para financiar os gastos pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro de 2014, por vir imposto pola normativa reguladora, sendo un total de **220.224,60 €**

Por estes motivos, propónse a aprobación dunha modificación orzamentaria de crédito extraordinario ou suplemento de crédito, segundo corresponda, para financiar tanto as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro de 2014, como para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles, conforme a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012.

Financiáse o presente expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Presuposto de 2014, por importe de 1.804.547,61 € por ser o límite da capacidade de financiamento derivada da liquidación do 2014.

Pola Intervención municipal emitiuse informe favorable para a aprobación do presente expediente.

Sobre a base de todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto no artigo 8º das Bases de Execución do Presuposto, e logo de informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o Expediente de Modificación Presupostaria- Crédito extraordinario MC 13 2015 CE 01 2015 SC 01 2015 para o financiamento de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro de 2014 e amortización anticipada da débeda, sería o seguinte, unha vez adaptadas as partidas á nova estrutura presupostaria:

Programa	Económico	Denominación	Importe	Tipo de modificación
132	22103	Seguridad y orden público - Combustibles y carburante	147,00	Suplemento
133	61900	Ordenación del tráfico y del estacionamiento - Otr.inver.reposic.infraes	1.681,90	Cr. Extraord.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

135	21400	Protección civil - Elementos de transporte.	278,30	Suplemento
135	22104	Protección civil - Vestuario.	1.819,12	Cr. Extraord.
135	22106	Protección civil - Prod.farmac.y mat.sanitar	101,49	Cr. Extraord.
450	20300	Admon Gral de Infraestructuras - Arrend.maq, instalac.y utillaxe	363,00	Suplemento
450	21000	Admon Gral de Infraestructuras - Infraestr.y bienes naturales	3.904,92	Suplemento
450	21300	Admon Gral de Infraestructuras - Maqu., nstalac.y utillaj	1.596,66	Suplemento
450	21400	Admon Gral de Infraestructuras -Elementos de transporte.	1.605,73	Suplemento
450	22199	Admon Gral de Infraestructuras - Otros suministros.	50,21	Suplemento
450	22700	Admon Gral de Infraestructuras - Limpieza y aseo.	1.500,00	Cr. Extraord.
450	22706	Admon Gral de Infraestructuras - Estudios y tra-bajos técnicos	2.420,00	Suplemento
450	61900	Admon Gral de Infraestructuras - Otr.inver.repo-sic.infraestructuras	5.556,32	Suplemento
450	62300	Admon Gral de Infraestructuras - Maquinaria	6.606,00	Suplemento
450	62500	Admon Gral de Infraestructuras - Mobiliario.	2.895,32	Cr. Extraord.
1532	61900	Vías Públicas - Otr.inver.reposic.infraestructuras	10.759,32	Suplemento
1532	62300	Vías Públicas - Maquinaria	1.040,60	Cr. Extraord.
161	62900	Abastecimientos e saneamento - Otras inversiones nuevas	42.834,84	Suplemento
1621	22700	Recog, eliminac. residuos - Limpieza y aseo.	2.541,00	Suplemento
164	22199	Cementerio y s. funerario - Otros suministros.	149,44	Suplemento
170	22199	Admon Xeral del Medio Ambiente - Otros sumi-nistros.	191,87	Suplemento
170	22602	Admon Xeral del Medio Ambiente - Publicidad y propaganda.	484,00	Cr. Extraord.
170	60900	Admon Xeral del Medio Ambiente - Otras.inver-sións.infr.y b.uso gral	2.250,60	Cr. Extraord.
170	61900	Admon Xeral del Medio - Ambiente Otr.inversións. reposic.infraes	5.687,00	Suplemento
231	21200	Asistencia social primaria - Edificios y otras construcciones	186,82	Suplemento
231	22103	Asistencia social primaria. - Combustibles y carburante	133,40	Suplemento
231	22799	Asistencia social primaria. - Otros trabajos reali-zados	1.892,54	Suplemento
231	62500	Asistencia social primaria - Mobiliario.	2.624,00	Suplemento
3231	21200	Educación Infantil - Edificios y otras construcc.	1.107,15	Suplemento
3232	21300	Educacion Infantil y Primaria - Maqu., instalac.y utillaje	449,73	Suplemento
3232	22199	Educacion Infantil y Primaria - Otros suministros.	369,49	Suplemento
3232	63200	Educacion Infantil y Primaria - Edificios Industriales	3.133,90	Cr. Extraord.
334	20500	Promoción cultural - Arrend.mobiliario y enser.	314,6	Cr. Extraord.
334	22001	Promoción cultural - Prensa, revistas, libros	109,00	Cr. Extraord.
334	22199	Promoción cultural - Otros suministros.	109,96	Suplemento
334	22602	Promoción cultural - Publicidad y propaganda.	2.976,60	Suplemento
334	22710	Promoción cultural - Actividades culturais	45.705,80	Suplemento



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

341	21200	Promoción y fomento depor - Edificios y otras construcciones	751,41	Suplemento
341	21300	Promoción y fomento depor - Maqu., instalac.y utillaje	685,80	Suplemento
341	22000	Promoción y fomento depor - Ordinario no in-ventariable	34,00	Suplemento
341	22199	Promoción y fomento depor - Otros suministros.	3.842,18	Suplemento
341	62200	Promoción y fomento depor - Edificios Industriales	13.637,76	Cr. Extraord.
341	62300	Promoción y fomento depor - Maquinaria	3.683,24	Suplemento
450	22103	Admon Gral de Infraestructuras - Combustibles y carburantes	1.169,11	Suplemento
450	22199	Admon Geral Infraestructura - Otros suministros.	30,79	Suplemento
453	61900	Carreteras. - Otr.inver.reposic.infraestructuras	36.731,16	Suplemento
920	22604	Administración general - Jurídicos, contenciosos.	1.633,50	Suplemento
920	22799	Administración general - Otros trabajos realizados	1.661,52	Suplemento
920	63200	Administración general - Edificios Industriales	786,50	Suplemento
SUBTOTAL OPERACIONES PENDENTES			220.224,60	
011	91300	Débeda Pública. Amortización de préstamos	346.291,70	Suplemento
SUBTOTAL ENDEBEDAMENTO			346.291,70	
TOTAL XERAL			566.516,30	

RESUMO DAS ALTAS

	Total	Crédito extraordinario	Suplemento crédito	Total
Obrigas ptes. 31/12/2014 (Capítulo 2)	80.316,14	4.328,21	75.987,93	80.316,14
Obrigas ptes. 31/12/2014 (Capítulo 6)	139.908,46	25.426,58	114.481,88	139.908,46
Amortización anticipada (Capítulo 9)	346.291,70	---	346.291,70	346.291,70
Total	566.516,30	29.754,79	536.761,51	566.516,30

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE:

MODIFICACIONES POSITIVAS NO ESTADO DE INGRESOS:

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais 2014	566.516,30
TOTAL ALTAS		566.516,30

SEGUNDO.- Esta aprobación terá carácter provisional, establecéndose un prazo de exposición ao público, logo de anuncio en Boletín Oficial de Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. En caso de producirse reclamacións, requirirase a aprobación definitiva do expediente polo Pleno da Corporación. Pola contra, considerarase definitivamente aprobado o expediente, non entrando en vigor ata que se produza a publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, resumida por capítulos.

O que se eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede."



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

A Comisión, por catro votos a favor, do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un), e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Aberto o debate non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4.- APROBACIÓN INICIAL MC 14 2015 TC 05 2015

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Plenos o día 24.07.2015 do seguinte teor literal:

"Vista a proposición da Alcaldía de data 21 de xullo de 2015, que dí:

"PROPOSTA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA MC 14 2015 TC 05 2015"

Sendo imprescindible a realización de diversos gastos para os cales o crédito existente no Presuposto resulta insuficiente ou non existe, resulta necesaria a aprobación desta modificación co obxecto de dotar de crédito partidas para facer fronte a gastos diversos no previstos no momento de elaboración do orzamento.

Entre as actuacións obxecto do presente expediente se atopan as seguintes:

Finalidade	Partida	Importe
Facturas de balizas solares en pasos de peóns e outros	133.625.00	5.000,00 €
Facturas de pasos de peóns	1532.619.00	4.500,00 €
Mantemento alumeadado público	165.221.99	3.283,35 €
Facturas por adquisición de maquinaria	171.623.00	2.500,00 €
Programación das festas e actividades culturais para 2015	334.227.10	33.000,00 €
Subministrados para colexio e gardería	3232.221.99	5.000,00 €
Reparacións no colexio e gardería	3232.212.00	3.000,00 €
Reparación cierre do Colexio	3232.619.00	8.351,66 €
Facturas de barandilla para o ancla	336.609.00	900,00 €
Reparacións de maquinaria no Polideportivo	341.213.00	800,00 €
Alugueres de maquinaria	450.203.00	9.000,00 €
Cierre do solar Casa Avelino e barandilla Sala Ancora	450.609.00	6.000,00 €
Honorarios de abogados e xurídicos	920.226.04	5.000,00 €
	TOTAL	86.335,01 €

Por estes motivos, propónse a aprobación dunha modificación orzamentaria de transferencia de crédito, minorando as partidas correspondentes á débeda (amortizacións e intereses) para aumentar as partidas propostas.

Sobre a base de todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto no artigo 10º das Bases de Execución do Presuposto, e logo de informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

PRIMEIRO. – A aprobación do expediente de modificación presupostaria de transferencia de Crédito MC 14 2015 TC 05 2015 por un total de 86.335,01€ segundo o seguinte desglose:

Partidas que se minoran

Partida	Concepto	Importe
231.629.00	Asistencia social primaria.- Adaptacion 2º Planta Centro Sociocultural para Cento de Día	63.335,01 €
912.110.00	Órganos de goberno-Retribucións persoal eventual	15.000,00 €
912.233.00	Órganos de goberno- Outras indemnizacións	8.000,00 €
	TOTAL	86.335,01 €

Partidas que aumentan

Partida	Concepto	Importe
133.625.00	Ordenación del tráfico – Señalización vial	5.000,00 €
1532.619.00	Pavimentación de vías públicas – Pavimentación	4.500,00 €
165.221.99	Alumeado público-Outros subministros	3.283,35 €
171.623.00	Parques y jardines - Maquinaria	2.500,00 €
3232.212.00	Educación infantil e primaria-Reparacións de edificacións	3.000,00 €
3232.221.99	Educación infantil e primaria-Outros subministros	5.000,00 €
3232.619.00	Educación infantil e primaria-Investmentos de reposición	8.351,66 €
334.227.10	Cultura-Actividades culturais	33.000,00 €
336.609.00	Proteccion y gestión del patrimonio histórico-artístico – Outras inversións en infraestruct. e bens interés xeral	900,00 €
341.213.00	Deportes – Maquinaria, instalacións, utillaxe	800,00 €
450.203.00	Admon. Xeral de infraestructuras – Arrendamento maquinaria, instalac. e utillaxe	9.000,00 €
450.609.00	Admon. Xeral de infraestructuras - Outras inversións en infraestruct. e bens interés xeral	6.000,00 €
920.226.04	Admon. Xeral – Jurídicos, contenciosos	5.000,00 €
	TOTAL	86.335,01 €

SEGUNDO.- Esta aprobación terá carácter provisional, establecéndose un prazo de exposición ao público, logo de anuncio en Boletín Oficial de Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. En caso de producirse reclamacións, requirirase a aprobación definitiva do expediente polo Pleno da Corporación. Pola contra, considerarase definitivamente aprobado o expediente, non entrando en vigor ata que se produza a publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, resumida por capítulos.

TERCEIRO.- Modificar o Anexo do Investmentos do Orzamento do 2015, dando de baixa o seguinte investimento:

PARTIDA	INVESTIMENTO	FUENTES FINANCIACIÓN	
		IMPORTE	CONCEPTO
231 62900	Adaptacion 2º Planta Centro Sociocultural para	73.335,01	Rec.Propios



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Cento de Día

O que se eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede."

A Comisión, por catro votos a favor, do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un), e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Aberto o turno de intervencións prodúcense a seguintes:

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós imos votar que non, en concreto polo tema do centro de día. Entendemos que é unha decisión precipitada, tanto que se falou do consenso cando nós gobernábamos que se aludía tanto ao consenso, como creo que no seu discurso. Entón, aínda que finalmente tomaron vostedes a decisión definitiva, eu creo que é un pouco precipitado suprimir esa partida.

O Sr. Alcalde di: Contesta María José, e eu tamén despois.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Nós, polo que nos tocaba cando formabamos parte da oposición, saben vostedes que sempre nos opuxemos ao seu anuncio. Porque ao final o que había era continuamente un anuncio na prensa de que iban a facer un centro de día. E ao final o que comprobamos, efectivamente, é que era só un anuncio na prensa. Sí, tiñan vostedes uns planos, que nós non chegamos a ver, pero vale, tiñan uns planos, unhas obras trazadas, e non sei qué. Pero do que nos acabamos de enterar, e pola información á que agora tivemos acceso, nunca ía a haber un centro de día tal e como estaba plantexado porque en realidade nin estaba plantexado como debería estar. Vostedes o único que fixeron foi uns planos de adaptación dun espazo para un suposto centro de día, única e exclusivamente. Non había nada máis. E ademáis teñen con data, e gustaríame que o Alcalde no-lo aclarara porque creo que ten él ahí a información, o que tiñan ademáis vostedes era a denegación desas obras que vostedes solicitaban con data 20 de maio, se non me engano, a vostedes denegáronlles esa solicitude. Entón, sinceramente, nós sempre quixemos que houbera un centro de día. Non ahí, porque non nos parece nin a nós, nin á Consellería, o sitio adecuado. Pero tamén nos parece un pouco, non sei cómo denominalo, que vostedes agora nos falen outra vez do centro de día, pois sinceramente, co que hai, co que vemos, tampouco tiñan vostedes previsto en firme nin en serio a realización de ningún centro de día, porque co que tiñan non iban a poder facelo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno, imos a ver, tan grave é como que estamos aquí votando a supresión dunha partida presupostaria.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Sí, claro. A partida que vostedes aportaron.

O Sr. Rubido Ramonde di: Por favor, por favor.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Perdón.

O Sr. Rubido Ramonde continúa: Os planos están ahí. Efectivamente, nós eramos conscientes... coidado, a denegación é por tema de competencia. Ou sexa, non é competencia



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

dos concellos. Iso sabémolo, pero vailles pasar a vostedes tamén, planificaron un centro de día, todas as formacións. Ese tema haberá que solventalo. Efectivamente, os concellos non son competentes. Informa o Interventor, e iso foi á Consellería, agarrouse a iso. Non é un tema puramente técnico. Ahí non hai problema. Éramos consciente diso, por iso dixemos reiteradamente que íamos recurrir á fórmula de externalización do servizo mediante organizacións non lucrativas, pensando no modelo de AFAL. Despois, no turno de preguntas, preguntarei qué alternativa teñen vostedes. Explíquennos si non se van a atopar coa mesma pega, que os concellos non poden ser competentes na constitución de centros de día. Vanse atopar co mesmo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Perdón. Imos a ver, nas conclusións da Subdelegación di: "O proxecto non se adecúa a todos os procedementos esixidos na normativa sectorial de aplicación. Déixase constancia de aqueles outros requerimentos que se deben comprobar na visita de inspección por non ser posible documentalos. Segundo o art. 32 apartado 1, decreto.... déixase constancia dos incumprimentos atopados noutra normativa técnica de aplicación". Isto son alusións técnicas. Pero fálalles tamén de normativa sectorial. Imos a ver, cousas máis simples aínda para que a xente tamén lle quede máis claro, existen percorridos de evacuación que exceden a distancia máxima permitida, 25 metros. Deberá aclararse se o ascensor é accesible. No plano non está sinalado co símbolo de accesibilidade. E digo isto simplemente como exemplo. É dicir, non é unha cuestión de que os concellos teñan ou non competencia para executar un centro de día, xa non é cuestión diso. É cuestión de que vostedes o que fixeron non era suficiente en absoluto para solicitar un centro de día. E gustárame ademáis, porque o Alcalde ten máis datos, que él seguira contestando.

O Sr. Alcalde di: Paréceme ben a súa proposta de que algún día haxa un centro de día, que vamos a querer que sexa o sitio tamén para facelo. Pero agora mesmo o que estamos a falar é dunha partida que vamos a cambiar, da cal eu vou a dar agora unha pequeniña explicación. Con relación ao proxecto do centro de día, para que un centro de día se poda executar debe de haber un informe dos técnicos do concello que indiquen a súa idoneidade, tanto en metros cadrados necesarios como en servizos requiridos. Para iso debemos facer unha memoria onde vexamos as necesidades que teñen os nosos veciños, pois un centro de día pode ser para persoas que poden padecer distintos problemas. Por exemplo, necesitamos saber a poboación dependente que temos, os requisitos que terían as instalacións e a formación que debería ter o persoal. Posibilidade de atención diurna, o copago que vai a haber por parte dos usuarios, etc. Temos que ter en conta que un centro de día pode funcionar tamén como un local de maiores onde non haxa dependencia. Nós o que nos encontramos no concello ó chegar é un gran vacío a nivel de información relativa a diferentes proxectos que a anterior corporación, vostedes, alardearon de ter posto en marcha. Ditas informacións, algunhas delas reflexadas na prensa deron lugar a este novo goberno a poñer en dúbida a realización dos devanditos proxectos. Así é como se debería facer dende o primeiro momento. Deberíamos falalo, concretalo e chegar a acordos. Pero non, vostedes fano por detrás e despois pasa todo isto. Nós traballaremos hombro con hombro cos funcionarios do Concello de Cedeira recabando información que en ningún momento o anterior Alcalde, vostede, hoxe presente de concelleiro da oposición, nos puxo clara nin cando lle faciamos oposición e menos nun proceso de traspaso de poderes que en ningún momento se nos ofreceu.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Así que a nosa sorpresa despois de reunirmos cos técnicos da Xunta de Galicia foi o de atoparnos cun informe da Xunta de Galicia, concretamente da Consellería de Traballo e Benestar, Secretaría Técnica, do cal vou a ler o máis relevante. O informe está aquí para quen o queira ler enteiro. Con data 20 de maio do 2015 a Secretaria Xeral Técnica ditou a seguinte resolución:

Con data 9 de marzo de 2015 a entidade Concello de Cedeira presenta unha solicitude de autorización para a creación do centro de servizos sociais de referencia. De conformidade co procedemento que se establece no artigo 23.2 do decreto 254/2011, do 23 de decembro, con datas 23 de marzo de 2015 e 7 de maio de 2015 o servizo de supervisión de proxectos informa que o centro de día e Unidade de Alzheimer non se adecua a todos os requirimentos esixidos na normativa sectorial de aplicación. Con data 8 de abril de 2015 o Interventor do concello de Cedeira informa desfavorablemente a viabilidade económica do centro por "carecer de documentación relativa á forma de xestión, nin existir proxecto de xestión, ou información relativa aos ingresos e gastos previstos de funcionamento, e sen que conste no orzamento municipal para 2015 cantidade algunha para sufragar o mantemento do devandito centro". Consideración técnicas: o artigo 68.2 a) da Lei 13/2008, de 3 de decembro, establece que non suposto de centros, servizos e programas promovidos polos concellos ou diputacións, a autorización indicada quedará supeditada ao cumprimento do seguinte requisito: Plan de viabilidade económica do concello ou deputación, con informe favorable da persoa que exerza a intervención da entidade local, no que se garanta a sostenibilidade financeira das novas actividades económicas, respetando, en todo caso, o principio de eficiencia e o resto dos requirimentos da lexislación de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira. Resolución: Primeiro: Denegar, denegar a autorización administrativa previa para a creación do centro de día para persoas maiores de Cedeira, situado en calle María Mediadora esquina calle Convento, no concello de Cedeira (A Coruña) que se iniciou a instancia da entidade concello de Cedeira en base ao informe técnico e ao informe de viabilidade económica.

Segundo: Denegar a autorización administrativa para a creación dunha unidade de Alzheimer integrada no centro de día para persoas maiores de Cedeira, que se iniciou a instancia da entidade Concello de Cedeira en base ao informe técnico de viabilidade económica.

É dicir, que para facer un centro de día hai que empezar desde cero, e non empezar facendo un proxecto, querendo montar unha sala calquera... e isto non está pasando solo no centro de día, iso tamén pasou co das bicicletas, isto pasa coa escola infantil. Aquí o único que nos fixeron foi vender fume. É o que temos.

O Sr. Rubido Ramonde di: O que acaba vostede de expresar, todo xira en torno a unha cuestión fundamental que é o informe de Intervención, o resto, eu consultei cos técnicos, son deficiencias totalmente subsanables, pero mínimas. Incluso as características do solo que debería ter ese espacio. E despois, unha corrección en canto ós servizos. E nada máis. Eran cuestións subsanables. Era un tema que ía levar o seu tempo de trámite, pero que o importante para nós era o proxecto, que está informado o proxecto polos técnicos que o redactaron, e a financiación. Leva o seu tempo. Efectivamente. Xogaríamos unha partida de ping-pong coa administración, pero ao final, búsquese a forma de centro de día ou búsquese a forma de ocio, porque esa era a que eu incluso lles din a conocer á asociación de maiores, por medio da súa representante, que era unha fórmula de consenso con eles que seguirían estando alí e seguirían disfrutando da mesma maneira, pero combinado con estancias diurnas. O trámite empezaba. Que viñeron as eleccións. Viñeron as eleccións. Nada máis.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Pérez Riola di: Eu penso que vostedes non sabían nin para onde pedían o centro de día, o posible centro de día. Leo: última documentación achegada addenda número un ao proxecto adecuación del local existente en la planta segunda del edificio auditorio, situado en la calle María Mediadora esquina Convento para centro de día de personas mayores. Despois ven outro párrafo que é: descripción da proposta, e aquí pon acondicionamento do centro de día de planta baixa dun edificio exento que consta de planta baixa e primeiro. Eu penso que non sabían nin para onde o pedían. Segunda planta, e despois falamos dun edificio de planta baixa e unha planta. E se quere sígolle lendo. Planta baixa vestíbulo e recepción, sala polivalente, sala de rehabilitación, despacho administrativo. Eu ese edificio non sei onde está.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu non sei se leu vostede o proxecto. Se quere facer un chiste fácil que é un erro manifiesto, pero bueno.

O Sr. Pérez Riola di: É da Consellería, non é do Concello.

O Sr. Rubido Ramonde di: É un erro. Vostede sabe que hai unha planta baixa.

O Sr. Pérez Riola di: Eu non sei a qué edificio se refire.

O Sr. Alcalde di: Eu creo que o que mal empeza non pode acabar ben. Si empezou creando un problema co local dos maiores, dividindo aos nosos maiores. Si iniciou sen ter unha memoria específica de saber cáles son as necesidades que ten Cedeira para crear un centro de día, que sería o primordial. E invito a vostede e ao seu grupo a falar con nós e intentar chegar a un acordo en canto sepamos cáles son as necesidades que temos no concello para buscar un sitio idóneo. Tentaremos as súas propostas e debatirémolas. Remítome ao que dixen o día da investidura. Pero o que non pode ser é que algo que empece mal vaia rematar ben. É imposible. Sabemos perfectamente que non se identifica nin o centro de día, xa non se fai caso aos servizos da intervención. E non pode ser. E o mesmo, repítolle, non pasa con esto solo, vendéusenos tamén o da escola infantil, e na escola infantil temos o mesmo, unha reforma da escola, un suposto convenio onde sí que aparecía a Sra. Conselleira. Pero non hai partida orzamentaria na Xunta de Galicia para facelo, co cal ese convenio non vale para nada. É folla tirada ao solo. Non está nin firmado. É que aínda que estivera firmado, ao non haber na Xunta partida orzamentaria non vale para nada. Estamos de acordo en que todos queremos que se amplíe a escola infantil. Pero o que non podemos é ser electoralistas, querer vender proxectos onde non os hai, que é o que pasou. E como o das bicis. Vostede o outro día plantexou o das bicicletas. Vostede di que a ver cando poñemos o servizo en marcha e temos os informes de intervención do Concello onde se di que se entregou a obra sen estar rematada e se pagou a obra sen estar rematada. E entón nós chamamos á empresa adxudicataria da obra para que remate e xa cobraron, é culpa do outro, e o outro é culpa do outro. E agora témolo que resolver nós.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu creo que está vostede manipulando todo o tema.

O Sr. Alcalde di: Déixeme acabar. Di o informe de Intervención:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Na data sinalada o día 11 de decembro non consta a posta en funcionamento do obxecto do contrato -esto falo do das bicis- inclusive a segunda fotografía que se achega o día 12 de decembro aínda estaban instalándose as instalacións -para quen a queira ver- por riba do anterior, non se ten constancia da entrega do equipo informático con software específico para centro de control, nin a posta en marcha da xestión remota. Ademais do anterior, na data de emisión do informe unicamente se achegaron cinco tarxetas de usuario do Concello, nas que son ilexibles a maior parte dos caracteres, e as demais corresponden co servizo do Concello de Narón. Do mesmo modo, tampouco está operativo o servizo na data de emisión do informe, nin se coñece que esté operativa a plataforma web, ao marxe dos problemas internos ante a falta de normativa reguladora. Por este motivo e por imposibilidade de acreditar a comprobación material do investimento xa na data de recepción, como o completo funcionamento á data do informe, debe emitirse nota de reparo de conformidade cos artigos 216 e seguintes. Ao marxe de ter que requirir a completa prestación obxecto do contrato, procedería impoñer penalidades polo retraso inxustifico no prazo de execución-iso é o que había que facer. E se fixésemos iso xa estaría hoxe rematado- e ata a completa finalización das obrigas do adxudicatario. Como pasou. Como na data de emisión do informe non estaban entregadas as tarxetas de usuario contratadas, non se poden cuantificar as penalidades correspondentes. Finalmente debe recordarse que esta actuación ven financiada con subvención polo Fondo de Compensación Ambiental do 2014, polo que a maioría dos problemas antes sinalados, o Concello corre o risco de perder a subvención correspondente -incluso vámolos ter que pagar nós. Vós e nós, perdón, todos- Conclusión: infórmase desfavorablemente a aprobación de factura por retraso no prazo de execución e por imposibilidade de comprobar os investimentos contratados e o funcionamento do servizo. Corresponde ao Alcalde a desestimación do reparo por existir crédito no orzamento municipal, conforme ao artigo 216 da Lei.

Isto o 15 de decembro de 2014. ¿E mo dí a 29 de xullo que estamos? ¿Cómo está o servizo das bicis? Por favor.

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno, imos a ver. Vostede o que acaba de ler é o informe de reparo da Intervención. ¿Acabou?

O Sr. Alcalde di: Home. Pois non vou a ler o de Portos de Galicia. Terei que ler o dos técnicos do Concello, creo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Se vostede se entera de onde está apalancado o tema, e fala coa empresa, que eu creo que debere falar coa empresa.

O Sr. Alcalde di: Espera, voverei a lelo, ¿non o expliquei ben? Vovereino a ler.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, vostede leu, nada máis. Moi ben leido, pero eu non lle dou máis trascendencia a ese informe que a que ten.

O Sr. Alcalde di: A que ten, que se entregou unha obra sen estar rematada. Sr. Rubido, entregamos unha obra sen estar rematada, co cal non podemos ter ese acceso que agora estamos intentando.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Onde está parada? Está parada en que o subministro de datos teno que proveer o Concello. Ten que contratar unha compañía de subministro de datos, que ao día de hoxe non serve a empresa adxudicataria.

O Sr. Alcalde di: ¿Leo outra vez o do software e todo iso? Perdón, déixoo acabar.

O Sr. Rubido Ramonde di: Está nese punto. Non quero dicir nomes comerciais, pero é unha firma que non da servizos, e polo tanto haberá que tomar unha decisión, porque estamos falando de dez ou vinte euros, tomar a decisión que unha firma de subministro de datos que dé servizo. E ahí está parado porque a obriga é do Concello.

O Sr. Alcalde di: Sí, pero aquí ben sabe vostede que o que non se pode facer é porque este non sei, pois vamos coller a outro, porque os procedementos dun concello non funcionan así. Funcionan como nos marcan os servizos técnicos.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Con respecto a este tema das bicis, independentemente do informe dos servizos técnicos, esta mesma semana eu falei co da empresa das bicicletas, que xa ten a obra pagada e o que me dí é que a culpa de que non esté funcionando o tema do software e demáis, é non quero dicir o nome, pero unha empresa de telefonía mobil. E que é un problema que ten que solucionar. Pero si xa temos a obra pagada, xa lle pagamos á empresa para que instalara e para poñer en funcionamento o tema das bicicletas, ¿qué máis temos que facer o Concello? Si esa empresa ten un contrato ou traballa con outra empresa de telefonía móbil, terán que ser eles os que poñan a telefonía móbil a funcionar para que podamos facer uso das bicicletas. É que non sei qué hai de raro niso. É dicir, o único raro é que a obra efectivamente se pagou sen estar rematada. É o único raro que hai. Nada máis.

O Sr. Rubido Ramonde di: Xa vai vostede encauzando o tema. A obriga de contratar con esa empresa subministradora de datos, é do Concello. E o Concello, vouno dicir, está con Vodafone, e Vodafone non ten asistencia técnica. E ahí está parado. E o adxudicatario propón que ou sexa R, que ven o técnico en dous días, ou sexa Movistar. Nada máis. Díxo vostede o mesmo pero lle faltou dicir que a obriga é do Concello. Acabou a obra e a partir de ahí pague vostede ao mes o subministro de datos.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non, non, non, pero non é cuestión de pagar o subministro de datos. É cuestión de que, neste caso, a empresa adxudicataria, a que xa cobrou por un traballo que non rematou, que non está rematado porque non podemos usar as bicis, non fai con Vodafone o que ten que facer para que empece a funcionar. Non é cousa do Concello.

O Sr. Alcalde di: A ver, é entendible. Cando se recepciona algo é porque está rematado. Tiña que estar comprobado que está rematado.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Claro, tíñanse que estar podendo usar as bicis.

O Sr. Alcalde di: E o problema hai que solucionalo. ¿Que o temos que solucionar? Por suposto. Pero non no-lo bote en cara. Xa é o despropósito.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: É que non se botou en cara. Aquí o que se está dicindo é que a empresa que ten contratada o Concello non funciona. E iso é o que se está dicindo. E na nota que se mandou á empresa dicíase que non se estaba botando a culpa a políticos.

O Sr. Alcalde di: ¿Pero antes funcionaba a empresa?

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Qué empresa?

O Sr. Alcalde di: Vodafone.

O Sr. Rubido Ramonde di: Vodafone non dá servizo técnico aquí en Cedeira.

A Sra. Rodríguez Pérez pregunta: ¿Por qué non estaba iso previsto á hora de contratar á empresa das bicicletas? Si sabían vostedes que Vodafone estaba con esas deficiencias....

O Sr. Rubido Ramonde di: Pois é moi sencillo, contrátase con outra empresa un servizo de 20 euros ó mes.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Agora, pero, ¿por qué non o fixeron vostedes? Que ao final foron vostedes os que pagaron o servizo das bicicletas. É que me parece rizar o rizo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Hai que mirar os tempos en que transcorreu todo isto.

O Sr. Casal García di: ¿Vostede cree que esas bicis, si non se retiran polas noites, van pasar deste verán sin ser destrozadas ou vítimas dun acto vandálico, ou algo parecido? E que aquí parece que iso é un despropósito, deixar eso á intemperie, como pasou en Ferrol ao principio e que aquilo era unha desfeita. Eu creo que iso está mal plantexado dende o principio. Ou había algunha alternativa de recollida, había algunha cláusula que non figura e había un compromiso tácito ou expreso... non sei cómo calificalo. Porque o normal, nos concellos que eu coñezo, as bicis retíranse de noite e pola mañá repóñenas.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non teño nada que aportar ao dito.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor, do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e seis votos en contra do PP, acorda: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2-2015

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24.07.2015, do seguinte teor literal:

"Vista a proposición da Alcaldía de data 21 de xullo de 2015, que dí

"PROPOSTA DA ALCALDÍA



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos pola realización de diferentes obras e servizos ou a adquisición de bens procedentes de exercicios anteriores ao corrente, que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por diversas razóns, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro del Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, e 14 das Bases de Execución do Presuposto, elévase ao Pleno da Corporación.

Figura no expediente informe de reparo da Intervención municipal polo trámite de facturas e gastos de exercicios anteriores sen o preceptivo trámite orzamentario. No caso da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil e da factura de Soto Espectáculos As Pontes SL, existen ademais dúbidas sinaladas pola Intervención sobre a procedencia da tramitación dos gastos por non constar acreditada a contratación polo Concello ou pola improcedencia para a tramitación nos termos propostos.

Tendo en conta que de non tramitar a factura que sí parece subministrada ao Concello se trataría de un enriquecemento inxusto para a Administración pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos e que pola urxencia nos gastos se fixeron efectivos.

Por todo iso propónse ao Pleno, para a súa aprobación se así estímase oportuno, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente.

Segundo.- O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 1 rexistro e por un importe total de MIL OITOCENTOS CINCUENTA E UN EUROS E TRINTA CÉNTIMOS (1.851,30 €) nos termos que se detallan a continuación, e a aplicación presupostaria dos cales, resumidamente, se realizará, conforme ao así mesmo detallado no devandito listado os créditos do Presuposto de 2015.

Nº Rex	Nº Fra.	Data Fra.	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog.	Ec.	Total
F/2015/406	210	19/03/2015	B15750961	OZAGAS GALICIA SL	FRA 210 SUMINISTRO DE ESPEJOS DE SEÑALIZACION DE FECHA 25/09/2013 (ESPEJO DE 60)	133	62500	1.851,30
					TOTAL			1.851,30

Terceiro.- Rexeitar a aprobación de gastos e facturas que se sinalan a continuación por non ser conforme coa normativa en vigor, procedendo o arquivo das solicitudes.

Nº Rex	Nº Fra.	Data Fra.	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog.	Ec.	Total
--------	---------	-----------	----------	------	-------------------	-------	-----	-------



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

			G15760143	AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA	PERSOAL DE APOIO DAS FESTAS PATRONAIS DO 2014	334	22710	1.500,00
F/2015/928	11	22/05/2015	B70187034	SOTO ESPECTACULOS AS PONTES SL	FRA 11 FESTAS DE CEDEIRA 2014, ORQUESTAS FANIA BLANCO SHOW Y MOSAICO	334	22710	13310

A Comisión, por catro votos a favor, do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un), e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

O Sr. Rubido Ramonde di: Primeiro unha pregunta, ahí hai dúas propostas, ¿non? Eu creo que sería mellor desglosalas para votar por separado. Sería o máis correcto. ¿Non?

O Sr. Alcalde di: Non entendo por qué.

O Sr. Rubido Ramonde di: Porque unha admite e outra rechaza. Unha acepta e outra rechaza.

O Sr. Alcalde di: Pero vostede diga si está en desacordo con unha ou de acordo con outra.

O Sr. Rubido Ramonde di: Está mal plantexada a proposta. Obviamente imos rechazar a que remite á obriga de pago a inocentes. Xente inocente que o único que fixeron foi colaborar coas festas e si fora unha cousa política malamente, porque entón a partir de agora haise que olvidar das comisións. A entidade organizadora das festas foi o Concello e así consta en todos os documentos e en todos os programas. Polo tanto, hai unha relación xurídica perfectamente consumada entre o proveedor do espectáculo e o Concello e botamos de menos un informe xurídico. Polo tanto nosoutros a esa proposta que vai rechazar ese pago, que vai xerar dous pleitos... non entendo tampouco por qué o informe económico ten que dicir tamén que as funcións de protección civil non son esas, cando se prestaron. Aquí vai haber un enriquecemento inxusto e un mal precedente. Nós xustificamos así o noso voto a emitir.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Con respecto ás dúas propostas que di o Sr. Rubido, daríanos igual, é dicir, si considera que deberamos votar por separado unha factura e as outras.

Intervén a Sra. Secretaria e di que haberá que entendela como unha enmenda ao ditame, aínda que sexa presentada oralmente, e haberá de levantar o Pleno a nota de reparo, votando primeiro un punto e despois o outro.

Continúa o Sr. Rubido Ramonde: Pois si, entendemos que debe votarse por separado.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero independentemente diso, co tema da factura de Soto espectáculos. A factura, informa a Intervención, a factura está conformada polo Alcalde da anterior corporación, por vostede. Ben, eu pregunto, vostede, o Concello, o seu goberno, ¿tiña asinado algún contrato con Soto espectáculos relativo ás orquestas que iban a actuar?

O Sr. Rubido Ramonde di: Hai varias formas de documentar un contrato. É unha cuestión xurídica. Eu sosteño que sí, e sosteño que ten todas as de ganar o señor Soto. Si vostede dá un repaso ás facturas das festas, me gustaría que algún día deran ás do 2008. Vostede comprobará que hai moitos precedentes que non se documentaron mediante contrato. Simplemente emítese factura, acéptaa o concelleiro responsable... Si vostede observa, por exemplo, na instalación de alumeado, o alumeado ornamental, ven a factura, acéptase, e cos espectáculos igual. Outras veces créese máis conveniente documentalalo mediante contrato. Eu o que boto de menos é o informe xurídico, porque aquí fixoo intervención, será económico e nada máis. Hai dúas opcións, ou dicir que a obligación que a asuma Cristo, que a asuma a comisión, ¿non? ademais de traballar agora con isto.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Nadie está dicindo iso.

O Sr. Alcalde di: En ningún momento nadie di iso.

O Sr. Rubido Ramonde continúa: A outra opción é deixarlle o pufo a Soto, ou negro ou branco. Deixarlle un pufo a Soto, que está perfectamente documentado. Pero bueno, meteranse vostedes nun contencioso.

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Cómo que está documentado?

O Sr. Rubido Ramonde continúa: Un contencioso que ten todas as posibilidades de éxito por parte de Soto, e que vai xerar intereses, coa aplicación dos intereses moratorios e que vai xerar costas. Pero bueno, este tema, a ver si evitamos vítimas de xente que traballa para as festas.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Vostedes tiñan que evitalas, vostedes.

O Sr. Rubido Ramonde continúa: Foron de festas do tripartito.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non, este que temos aquí non foron festas de ningún tripartito, centrémonos. Estamos falando das festas do ano pasado e eu o que quero saber, ou o que queremos saber todos, é qué relación contractual tiña o seu goberno con espectáculos Soto. ¿Cál era a relación contractual? ¿Onde está escrito que vostedes, como goberno do Concello de Cedeira, contrataron con esta empresa vides a facernos as festas?

O Sr. Rubido Ramonde di: Vólvolle a repetir o que dixen, hai varias formas de contratar. Ou sexa, o que é a formalidade, e non ten por qué haber contrato, pero a realidade é que houbo unha relación contractual, houbboa e está consumada e vaise ver.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Houbo? ¿Cómo foi a relación contractual?

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu agora mesmo non podo perxudicar...

O Sr. Alcalde di: ¿Foi directamente o Concello o que a contratou?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Claro, eu é o que quero saber, ¿cómo foi?

O Sr. Alcalde di: Iso é o que está preguntando María.

O Sr. Rubido Ramonde di: Invirto, invirto. A comisión atópase con que non foi capaz de recaudar iso, qué solución lle dan.

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Qué relación tiñan vostedes a nivel contractual coa comisión?

O Sr. Rubido Ramonde di: A comisión é un voluntariado que o que fai é ...

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Vostedes nalgún momento garantíronlle por escrito dalgunha forma á comisión que as débedas que non puideran asumir eles que as iban a pagar vostedes?

O Sr. Rubido Ramonde di: É que non hai convenio.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pois debería habelo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Espere, é que é un sistema distinto. O organizador das festas é o Concello. O que fai a comisión, o papel da comisión é encargarse de captar aportacións populares e nada máis. É ata donde chega, e nada máis.

A Sra. Rodríguez Pérez di: De acordo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu solo digo, ou unha de dúas, ou déixaselle un pufo a Soto ou ...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non, non, non é así. As cousas hainas que facer ben, o que non pode ser...

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno, o día que vexa eu unha autocrítica.

A Sra. Rodríguez Pérez di: É verdade, e o que non pode ser é que o contrato que a nosoutros nos chega esté firmado a nome da comisión. ¿Hai un contrato firmado a nome da comisión de festas e as facturas chegan a nome do Concello? Ahí reconeza que vostedes fixeron algo mal, sinceramente. Nós non queremos perxudicar a nadie, nin que haxa ningún tipo de vítimas, ningún, que lle conste.

O Sr. Rubido Ramonde di: Bástame iso.

A Sra. Rodríguez Pérez di: O que queremos é que as cousas se fagan ben.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Se vostede está na liña de non perxudicar... Estos chavales o único que fixeron é loitar, ben sabes que é moi desagradable.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Por suposto.

O Sr. Alcalde di: Aquí ninguén fala disto. Aquí o único que se está falando é que si realmente quen contratou isto foi a comisión non se pode emitir unha factura directamente ó concello. E sabémolo. Non pode ser. Outra cousa é que se poda falar aquí en pleno cómo se podería pagar esa factura, cómo foi o tema da outra factura, da anterior, que se quedou en traer os xustificantes, que a día de hoxe non se trouxeron. E podemos facelo e podemos chegar a un acordo. Nadie quere que a xente que estivo na comisión quede perxudicada. Nadie. Pero tampouco quero que si hai un contrato da comisión que vostede diga que lle vou facer.

O Sr. Rubido Ramonde di: Que lle busquen solución, que a ten. ¿Vostede se compromete?

O Sr. Alcalde di: ¿A qué?

O Sr. Rubido Ramonde contesta: A darlle unha solución a iso.

O Sr. Alcalde di: Ao que me estou comprometendo é... que hai un contrato a nome da comisión que vostede di que o contratou vostede dende o concello e está o contrato a nome da comisión. Habería solución si non se presenta así. Habería solución. E poderá haber a solución, nadie quere que a xente saia perxudicada, pero o que non se pode é recoñecer iso, porque a comisión tamén contratou outras cousas e pagounas ela directamente.

A Sra. Rodríguez Pérez di: E de todas formas, a mín gustaríame que isto sirva para todo o mundo, ou sexa, para calquera goberno, independentemente do color político, que xa temos visto outras vítimas, entre comillas, con temas destes, para que se regule dalgunha maneira. É dicir, dende o concello, esté o goberno que esté, cada vez que se nomee unha comisión ou o que sexa, hai que regular o papel desa comisión dalgunha maneira. Porque se non despois pasan cousas como estas que, entendo, non deben pasar. Nin a comisión ten por qué pasar por nada disto, nin Soto espectáculos ten por qué agardar a que se lle pague máis tempo do debido.

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno, alégrame o que acaba de dicir.

Atendendo a solicitude do voceiro do grupo municipal do PP, pola Presidencia se somete a votación ordinaria os puntos primeiro e segundo da proposta de acordo recollida no ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24.07.2015, aos que a Secretaria dá lectura.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por doce votos a favor, do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous), de ANOVA (un, Sr. Muiño Vilela) e do PP (seis), e unha abstención, de ANOVA (Sr. Casal García), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Segundo.- O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 1 rexistro e por un importe total de MIL OITOCENTOS CINCUENTA E UN EUROS E TRINTA CÉNTIMOS (1.851,30 €) nos termos que se detallan a continuación, e a aplicación presupostaria dos cales, resumidamente, se realizará, conforme ao así mesmo detallado no devandito listado os créditos do Presuposto de 2015.

Nº Rex	Nº Fra.	Data Fra.	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog.	Ec.	Total
F/2015/406	210	19/03/2015	B15750961	OZAGAS GALICIA SL	FRA 210 SUMINISTRO DE ESPEJOS DE SEÑALIZACION DE FECHA 25/09/2013 (ESPEJO DE 60)	133	62500	1.851,30
					TOTAL			1.851,30

A continuación pola Presidencia se somete a votación ordinaria o punto terceiro da proposta de acordo recollida no ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24.07.2015, ao que a Secretaria dá lectura.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor, do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous), e de ANOVA (dous), e seis votos en contra do PP, adopta o seguinte ACORDO:- Rexeitar a aprobación de gastos e facturas que se sinalan a continuación por non ser conforme coa normativa en vigor, procedendo o arquivo das solicitudes.

Nº Rex	Nº Fra.	Data Fra.	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog.	Ec.	Total
			G15760143	AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA	PERSONAL DE APOIO DAS FESTAS PATRONAIS DO 2014	334	22710	1.500,00
F/2015/928	11	22/05/2015	B70187034	SOTO ESPECTACULOS AS PONTES SL	FRA 11 FESTAS DE CEDEIRA 2014, ORQUESTAS FANIA BLANCO SHOW Y MOSAICO	334	22710	13310

6.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2014

Pola Secretaría dáse lectura á Proposición da Alcaldía de data 15.07.2015, que literalmente di:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

"PRESENTACIÓN DA CONTA XERAL 2014 AO PLENO

A Conta Xeral do 2014 foi formada pola Intervención do Concello, foi informada pola Comisión Especial de Contas o 01 de xuño de 2015.

O preceptivo anuncio publicouse no BOP 109 do 11 de xuño de 2015, e estivo a documentación exposta ao público durante o prazo sinalado sen que se presentaran alegacións ou reclamacións fronte a ela, acreditado mediante certificado do 15 de xullo de 2015.

Por todo elo, proponse o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello correspondente ao exercicio 2014.

Segundo.- Rendir a Conta Xeral ao Consello de Contas e/ou Tribunal de Contas, conforme a normativa vixente."

Aberto o debate non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda: APROBAR a Proposición da Alcaldía de data 15.07.2015 nos termos nos que quedou transcrita.

7.- DAR CONTA INFORME MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO 2º TRIMESTRE 2015

En cumprimento do disposto nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de Modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta pola Intervención municipal do Informe sobre morosidade e período medio de pagamento correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2015, emitido o 24 de xullo de 2015, do seguinte teor literal:

"INFORME SOBRE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO

Período: 2º Trimestre Exercicio 2015

Primeiro.-Morosidade segundo a lei 1512010, de 5 de julio

A lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, regula a morosidade o rexistro de facturas na administración local e sinala ao respecto:

Artículo cuarto. Morosidad de las Administraciones Públicas.

- 1. El Interventor General del Estado elaborará trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de la Administración General del Estado, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

2. *Las Comunidades Autónomas establecerán su propio sistema de información trimestral pública sobre el cumplimiento de los plazos previstos para el pago en esta Ley.*
3. *Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*
4. *Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.*
5. *La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas.*

Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones locales.

1. *La Entidad local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad.*
2. *Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.*
3. *Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.*
4. *La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación.*

O prazo máximo de pago a provedores ven regulado na lei 1512010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 312004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

lucha contra a morosidad en las operaciones comerciales, que modifica o artigo 200.4 do Texto refundido da lei de contratos do sector público que queda redactado do seguinte modo:

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el artículo 205.4, y, si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Cuando no proceda la expedición de certificación de obra y la fecha de recibo de la factura o solicitud de pago equivalente se preste a duda o sea anterior a la recepción de las mercancías o a la prestación de los servicios, el plazo de treinta días se contará desde dicha fecha de recepción o prestación.

Segundo a Contabilidade municipal, o período medio de pago a provedores segundo a Lei 15/2010 dos pagamentos realizados no trimestre é de **51,56 días, dentro moi xustamente do prazo máximo legalmente admitido de 30 días para a aprobación e 30 días para o pagamento dende a aprobación (Total 60 días)**. Este dato, que supón un empeoramento respecto doutros trimestres pon en evidencia a extendida práctica de presentar facturas sen retención de crédito ou procedemento de contratación. Esta dinámica xa foi obxecto de repetidos informes da Intervención por incumprir a normativa de facendas locais e a lei de transparencia.

Segundo.-Período medio de pagamento segundo o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo

O Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores, establece a metodoloxía e publicidade do período medio de pago a provedores, diferente da sinalada na lei 15/2010:

Artículo 5. Cálculo del período medio de pago de cada entidad.

1. A los efectos del cálculo del periodo medio de pago global al que se refiere el artículo anterior, el período medio de pago de cada entidad se calculará de acuerdo con la siguiente fórmula:

Periodo medio de

pago de cada entidad = $\frac{\text{ratio operaciones pagadas} * \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio operaciones pendientes de pago} * \text{importe total pagos pendientes}}$

$\frac{\text{importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendientes}}$

2. Para los pagos realizados en el mes, se calculará el ratio de las operaciones pagadas de acuerdo con la siguiente fórmula:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Ratio de las operaciones

$$\text{pagadas} = \frac{\sum (\text{número de días de pago} * \text{importe de la operación pagada})}{\text{Importe total de pagos realizados}}$$

Se entenderá por número de días de pago, los días naturales transcurridos desde:

Los treinta posteriores a la fecha de entrada de la factura en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, o desde la fecha de aprobación de la certificación mensual de obra, según corresponda, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración. En los supuestos en los que no haya obligación de disponer de registro administrativo, se tomará la fecha de recepción de la factura.

En el caso de las facturas que se paguen con cargo al Fondo de Liquidez Autonómico o con cargo a la retención de importes a satisfacer por los recursos de los regímenes de financiación para pagar directamente a los proveedores, se considerará como fecha de pago material la fecha de la propuesta de pago definitiva formulada por la Comunidad Autónoma o la Corporación Local, según corresponda.

3. Para las operaciones pendientes de pago al final del mes se calculará la ratio de operaciones pendientes de pago de acuerdo con la siguiente fórmula:

Ratio de operaciones

$$\text{pendiente de pago} = \frac{\sum (\text{número de días pendientes de pago} * \text{importe de la operación pendiente de pago})}{\text{Importe total de pagos pendientes}}$$

Se entenderá por número de días pendientes de pago, los días naturales transcurridos desde los treinta posteriores a la fecha de anotación de la factura en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, o desde la fecha de aprobación de la certificación mensual de obra, según corresponda, hasta el último día del periodo al que se refieran los datos publicados. En los supuestos en que no haya obligación de disponer de registro administrativo, se tomará la fecha de recepción de la factura.

Art. 6.2. Las comunidades autónomas y las corporaciones locales remitirán al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y publicarán periódicamente, de acuerdo con lo que se prevea en la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, la siguiente información relativa a su periodo medio de pago a proveedores referido, según corresponda, al mes o al trimestre anterior:

a) El periodo medio de pago global a proveedores mensual o trimestral, según corresponda, y su serie histórica.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

b) *El período medio de pago mensual o trimestral, según corresponda, de cada entidad y su serie histórica.*

c) *La ratio mensual o trimestral, según corresponda, de operaciones pagadas de cada entidad y su serie histórica.*

d) *La ratio de operaciones pendientes de pago, mensual o trimestral, según corresponda, de cada entidad y su serie histórica.*

La información se publicará en sus portales web siguiendo criterios homogéneos que permitan garantizar la accesibilidad y transparencia de la misma, para lo que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas facilitará a las comunidades autónomas y corporaciones locales modelos tipo de publicación.

No referente a estes cálculos o programa de Contabilidade subministra os seguintes datos:

Ratio operaciones pagadas: 21,61
Importe pagos realizados: 1.113.735,46 €
Ratio operaciones pendientes: 92,49
Importe pagos pendientes: 697.118,63 €
PMP: 48,90

A efectos de dar cumprimento do sinalado na referida lei, achéganse os informes e listaxes subministrados polo programa da Deputación, segundo os datos subministrados polo programa de contabilidade do período sinalado no encabezamento."

A Corporación queda enterada.

8.- DAR CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 1º SEMESTRE 2015

En cumprimento do disposto no artigo 207 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 56 das Bases de Execución do Orzamento, dáse conta pola Intervención municipal do informe sobre a execución do primeiro semestre e avance da liquidación do exercicio 2015, emitido o 23 de xullo de 2015, do seguinte teor literal:

"INFORME SOBRE A EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2015 E AVANCE DA LIQUIDACIÓN

De conformidade co previsto no 207 de Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 56 das Bases de Execución do Orzamento remítese informe da execución do primeiro semestre e avance da liquidación do exercicio 2015, tanto no referente aos gastos como ingresos do exercicio.

Para o análise dos datos empregouse a funcionalidade SICALWIN facilitada pola Deputación para dar cumprimento á Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigacións de subministro de información previstas en la Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

A. GASTOS

A análise da evolución dos gastos presupostarios vaise realizar, con carácter xeral, por capítulos do Estado de Gastos, acompañándose ao presente informe un cadro detallado dos resultados do presente análise, a cal se pasa a analizar a continuación.

Con carácter previo, débese observar que, ao analizarse o estado do primeiro semestre do ano, se debe considerar correcto un estado de execución presupostario en torno ao 50%, polo que se entrarán a valorar especificamente aqueles casos en que do listado adxunto se derive unha porcentaxe de execución maior ou aos que afecten circunstancias especiais que requiran unha análise concreta. Sen embargo debe terse en conta que non todos os gastos teñen unha distribución constante no tempo (por exemplo os derivados de subvencións ou convenios de colaboración), polo que debería terse en conta esta circunstancia para valorar o cumprimento da execución orzamentaria.

Por outra parte debe recordarse que nos seguintes cadros figuran os créditos e obrigas contabilizados, pero non se inclúe o dato das facturas pendentes de tramitar, que elevaría o grado de execución do orzamento, ou incluso provocando algún déficit entre os gastos efectivamente realizados e os créditos definitivos.

Datos da liquidación do primeiro semestre (datos da contabilidade a 30-06-2015)

INGRESOS	Previsiones Iniciales	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Recaudación Líquida	% DRN s/ Prev. Def
IMPUESTOS DIRECTOS	1.922.000,00	1.922.000,00	774.239,09	774.239,09	40,28%
IMPUESTOS INDIRECTOS	50.000,00	50.000,00	15.196,86	15.196,86	30,39%
TASAS, PRECIOS PÚBLICOS OTROS INGRESOS	667.100,00	667.100,00	314.770,42	309.550,01	47,18%
TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.992.352,42	2.146.743,46	1.152.489,76	959.960,55	53,69%
INGRESOS PATRIMONIALES	106.500,00	106.500,00	91.825,02	91.825,02	86,22%
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	143.449,64	842.359,12	238.640,84	238.640,84	28,33%
ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00	523.044,28	0,00	0,00	0,00%
PASIVOS FINANCIEROS	0,00	226.945,51	226.945,51	226.945,51	100,00%
TOTAL	4.886.402,06	6.484.692,37	2.814.107,50	2.616.357,88	43,40%

GASTOS	Créditos Iniciales	Créditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución	% OR/ Cdtos totales
GASTOS DE PERSONAL	2.094.735,00	2.233.063,70	1.043.143,26	1.002.876,35	40.266,91	1.189.920,44	46,71%
GASTOS CORRIENTES BIENES/ SERVICIOS	1.930.920,81	1.967.951,33	771.060,24	730.747,53	40.312,71	1.196.891,09	39,18%
GASTOS FINANCIEROS	25.300,00	22.046,90	2.909,21	2.120,40	788,81	19.137,69	13,20%
TRANSFERENCIAS CORRIENTES	142.060,00	142.311,50	63.939,03	60.503,07	3.435,96	78.372,47	44,93%
INVERSIONES REALES	463.974,64	1.708.964,87	558.792,67	535.957,37	22.835,30	1.150.172,20	32,70%
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	43.278,81	43.278,81	3.000,00	3.000,00	0,00	40.278,81	6,93%



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00	5.000,00	0,00	0,00	0,00	5.000,00	0,00%
PASIVOS FINANCIEROS	181.132,80	362.075,26	321.946,03	321.946,03	0,00	40.129,23	88,92%
TOTAL	4.886.402,06	6.484.692,37	2.764.790,44	2.657.150,75	107.639,69	3.719.901,93	42,64%

Capítulo I.- Gastos de Persoal

Obsérvase que, en xeral, este Capítulo presenta un estado de execución lixeiramente por debaixo da porcentaxe prevista (46,71%). Debe concluírse que, en xeral, non parece que vaian existir graves problemas presupostarios futuros.

Capítulo II.- Gastos en Bens Correntes e Servizos

As obrigas están por debaixo do 50 por 100, pero algunhas partidas (por exemplo subvencionadas) teñen unha periodificación que non ten que coincidir co ano natural).

Capítulos 3 e 9. - Débeda Pública

En principio, estes Capítulos non presentarían desequilibrios salientables. Os gastos financeiros teñen baixa execución pola baixada dos tipos de xuro e pola cancelación anticipada de préstamos. No caso do capítulo 9 de amortización, o grado de execución ven condicionado pola adhesión ao PAI, e concertación da correspondente operación coa Deputación.

Capítulo 4. - Transferencias Correntes

Non presenta desequilibrios salientables.

Capítulo 6. - Investimentos Reais

Non presenta desequilibrios salientables, tendo en conta que moitos destes investimentos teñen un tempo de execución que non se corresponde co ano natural.

Capítulo 7. - Transferencias de Capital

Executada na súa integridade o gasto en materia de deportes e pendente a subvención á Xunta pola ampliación da escola infantil.

B. INGRESOS

Respecto ao Estado de Ingresos, a análise vaise realizar tamén por Capítulos, e respecto á magnitude de Dereitos Recoñecidos, aínda que, como advertencia previa, se debe recordar que en determinados capítulos, especialmente os capítulos 1 e 3, os estados de execución non teñen que gardar unha proporcionalidade en relación coa data natural do ano, dependendo en cada caso do momento en que se poñan ao cobramento ou se elaboren as respectivas listas cobratorias de recibos, e que a Deputación fai entregas e conta e posteriormente emite liquidacións polas diferenzas.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Debe sinalarse que existen bastantes ingresos na contas do Concello pendentes de aplicación, relativos a Feirón e mercadillo semanal, que non se poden contabilizar axeitadamente por non contar cos datos identificativos dos contribuintes (1.119,51 € pendentes de aplicar a 30/06/2015)

Capítulo I.- Impostos Directos

Neste Capítulo, no que se inclúen boa parte dos ingresos máis importantes municipais (IBI, Vehículos, IAE), presenta un estado de execución lixeiramente inferior do previsto na data de elaboración do presente informe (40,28%). Sen embargo pola influencia dos ingresos a conta, haberá que esperar as liquidacións parciais e final para determinar os excesos sobre previsións, no seu caso.

Capítulo II.- Impostos Indirectos

Neste Capítulo unicamente se contabiliza o Imposto sobre Construcións, o cal presenta un grao de execución bastante inferior ao previsto (30,39%).

Capítulo III.- Taxas e Outros Ingresos

O estado de execución deste Capítulo, ofrece un resumo do 47,18% en dereitos recoñecidos sobre previsións definitivas, achegándose un desglose nos estados anexos.

Capítulo IV.- Transferencias Correntes

O estado de execución deste Capítulo e aceptable con un nivel de execución do 53,69% lixeiramente superior ao previsto.

Capítulo V. - Ingresos Patrimoniais

O estado de execución deste Capítulo sitúase en torno ao 86,22% é dicir, por encima das previsións que deberían ser proporcionais, pero pola temporalidade dos ingresos, sendo materializada a totalidade dos alugueres de parques eólicos do 2015, que se cobran durante o primeiro trimestre. Non presentan ingresos dos aproveitamentos forestais, que deberán reaxustarse nas novas previsións do orzamento do 2016, salvo que se regularicen os importes.

Capítulos VI e VII.- Alienación de Investimentos Reais e Transferencias de Capital

Correspóndense cos ingresos para investimentos e subvencións de capital (POS, FCA, DTC e outras subvencións da Deputación, principalmente)

Capítulo VIII.- Activos Financeiros

Actualmente, contabilízanse neste Capítulo unicamente as anotacións correspondentes a Remanente de Tesouraría, como fonte de financiamento de modificacións presupostarias ao



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

longo do exercicio e respecto á que ha de indicarse que as normas presupostarias e contables vixentes establecen que, se ben a devandita fonte de financiamento pode incrementar as Previsións Definitivas do Presuposto, o certo é que, por definición, con cargo a esta non se han de recoñecer Dereitos (xa que foron recoñecidos no correspondente exercicio económico do que proceden), polo que as porcentaxes de execución do Capítulo se ven totalmente distorsionados por este efecto.

Capítulo IX.- Pasivos Financeiros

Presenta dereitos pola concertación do préstamos coa Deputación (PAI 2015) por un total de 226.945,51 €

D. TESOURARÍA

A evolución da Tesouraría Municipal (un dos aspectos que debe reflectir o presente informe, segundo establece o artigo 55º das Bases de Execución do Presuposto) pode reflectirse no seguinte cadro:

SALDOS a 30-06-2015	Nº de cuenta	Saldo
Caja Corporación		647,00
Banco Santander	ES71 0030-6082-5908-6502-4273	21.323,66
Banco Sabadell	ES57 0081-2238-4100-0100-0705	144.734,04
Banco Sabadell (Recaudación - Polideportivo)	ES41 0081-2238-4800-0101-1902	130.734,66
Deposito Sabadell-gallego		300.000,00
Banco Pastor	ES57 0238-8151-9006-6000-0271	269.015,79
BBVA	ES70 0182-0622-4100-0000-0055	79.174,89
BBVA-Banco de Crédito Local	ES74 0182- 6244-4802-0015-0222	66.219,53
ABANCA	ES15 2080-5196-2931-1000-0027	100.262,19
ABANCA	ES52 2080-0207-6631-0000-0015	162.166,57
NCG Banco Deposito		600.000,00
La Caixa	ES37 2100-4936-5822-0000-4470	205.312,92
TOTAL CONCELLO		2.079.591,25

AVANCE DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE 2015

Coincidindo coa emisión do presente informe sobre o Estado de Execución Presupostaria no Primeiro Semestre do Exercicio, pode emitirse o seguinte **Avance da Liquidación do Presuposto** regulado no apartado b) do artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e formado de acordo coa Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (ICAL) e co artigo 48º das Bases de Execución do Presuposto (BEP).

O devandito Avance da Liquidación, referido, polo menos, a seis meses do exercicio corrente, constitúe un dos documentos que debe formar parte do expediente sobre aprobación



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

do Presuposto Xeral do próximo exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 168.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, polo que o presente se emítese aos efectos da súa incorporación ao citado expediente.

I. EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO:

Segundo establece a ICAL e o citado artigo 48º das BEP, na Primeira Parte expresaranse os datos da Liquidación do Presuposto referida, polo menos, aos seis primeiros meses do exercicio, conforme aos datos e no formato que emane do correspondente programa informático que sostén a aplicación contable municipal, e nela porase de manifesto:

- a. En relación co Estado de Gastos:
 - Os créditos iniciais, as súas modificacións (distinguindo as incorporacións de remanentes de crédito das demais modificacións) e os créditos definitivos.
 - Os gastos autorizados (Fase A) e os comprometidos (Fase D), con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 - As obrigas recoñecidas netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 - Os pagamentos realizados, con indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigas recoñecidas netas, e as obrigas pendentes de pagamento.
 - Os remanentes de crédito.
- a. En relación co Estado de Ingresos:
 - As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
 - Os dereitos recoñecidos, os anulados e os cancelados, así como os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas, así como a comparación entre ambas as dúas magnitudes.
 - A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.
 - Os dereitos pendentes de cobramento.
- a. O Resultado Presupostario antes de axustes.

Neste sentido, dos datos emanados da contabilidade municipal no primeiro semestre do exercicio poden extraerse o seguinte resumo das magnitudes máis importantes:

Estimación Resultado Presupuestario-sen axustes (a 30/06/2015)

Total Dereitos Recoñecidos	2.814.107,50
Total Obrigas Recoñecidas	2.764.790,44
RESULTADO PRESUPOSTARIO (estimación)	49.317,06

II. ESTIMACIÓN DE LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Segundo establece a ICAL e as BEP, a Segunda Parte do Avance da Liquidación porá de manifesto os importes que se estime presentará a Liquidación do Presuposto do exercicio ao final deste, expresando, nivel de Capítulo. Se achega cuadro anexo coas estimacións da evolución dos créditos e das obrigas previstas cos seguintes matices e axustes.

Os importes non supoñen compromisos de gasto, se non meras previsións ou estimacións realizadas sobre os importes xa recoñecidos e elevados a termo anual (x2). e os importes están suxeitos a variacións positivas ou negativas, modificacións orzamentarias que non están engadidas no primeiro semestre, agás as especificadas individualmente.

DENOMINACIÓN INGRESOS	Previsiones Iniciales	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Recaudación Líquida	% DRN s/ Prev. Def
IMPUESTOS DIRECTOS	1.922.000,00	1.922.000,00	1.548.478,18	1.548.478,18	80,57%
IMPUESTOS INDIRECTOS	50.000,00	50.000,00	30.393,72	30.393,72	60,79%
TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	667.100,00	667.100,00	629.540,84	619.100,02	94,37%
TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.992.352,42	2.146.743,46	2.304.979,52	1.919.921,10	107,37%
INGRESOS PATRIMONIALES	106.500,00	106.500,00	183.650,04	183.650,04	172,44%
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	143.449,64	842.359,12	477.281,68	477.281,68	56,66%
ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00	523.044,28	0,00	0,00	0,00%
PASIVOS FINANCIEROS		226.945,51	453.891,02	453.891,02	200,00%
SUMA	4.886.402,06	6.484.692,37	5.628.215,00	5.232.715,76	86,79%

DENOMINACIÓN	Créditos Iniciales	Créditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución	% OR/ Cdtos totales
GASTOS DE PERSONAL	2.094.735,00	2.233.063,70	2.086.286,52	2.005.752,70	80.533,82	2.379.840,88	93,43%
GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	1.930.920,81	1.967.951,33	1.542.120,48	1.461.495,06	80.625,42	2.393.782,18	78,36%
GASTOS FINANCIEROS	25.300,00	22.046,90	5.818,42	4.240,80	1.577,62	38.275,38	26,39%
TRANSFERENCIAS CORRIENTES	142.060,00	142.311,50	127.878,06	121.006,14	6.871,92	156.744,94	89,86%
INVERSIONES REALES	463.974,64	1.708.964,87	1.117.585,34	1.071.914,74	45.670,60	2.300.344,40	65,40%
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	43.278,81	43.278,81	6.000,00	6.000,00	0,00	80.557,62	13,86%
ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00	5.000,00	0,00	0,00	0,00	10.000,00	0,00%
PASIVOS FINANCIEROS	181.132,80	362.075,26	643.892,06	643.892,06	0,00	80.258,46	177,83%
TOTAL	4.886.402,06	6.484.692,37	5.529.580,88	5.314.301,50	215.279,38	7.439.803,86	85,27%

Estimación Resultado Presupuestario-sen axustes (a 31/12/2015)

Total Dereitos Recoñecidos	5.628.215,00
Total Obrigas Recoñecidas	5.529.580,88
RESULTADO PRESUPOSTARIO (estimación)	98.634,12

O que se informa aos efectos en cumprimento do disposto no artigo 207 de Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 56 das Bases de Execución do Orzamento remítese informe da execución do primeiro semestre e avance da liquidación do exercicio 2015, tanto no referente aos gastos como ingresos do exercicio.

III. Estimación Remanente de Tesourería



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Os datos son meras estimacións, baseadas nos datos actuais que non deben empregarse para compromisos de gasto futuros.

Deben aplicarse posteriormente o financiamento afectado formado polas desviacións de financiamento positivas acumuladas que efectivamente resulten da liquidación, que reduciría o importe de remanente de tesourería de gastos xerais.

ESTIMACION REMANENTE DE TESOURERÍA 2015 (datos a 30/06/2015)

1. Fondos Líquidos	2.079.591,25
2. Dereitos pendentes de Cobro:	398.812,12
- Presupuesto Corrente	395.499,24
- Presupuestos pechados	811,00
- Operaciones no Presupuestarias	2.501,88
<u>A deducir:</u>	
- Ingresos pendentes de aplicación	
3. Obrigas pendentes de Pago:	407.289,03
- Presupuesto Corrente	107.639,69
- Presupuestos pechados	256,82
- Operaciones no Presupuestarias	301.000,43
<u>A deducir:</u>	
- Pagos pendentes de aplicación definitiva	1.607,91
- Anticipos de Caixa Fixa pendentes de xustificar	0,00
REMANENTE DE TESOURERIA (1+2-3)	2.071.114,34
4. Dereitos pendentes de Cobro Difícil ou Imposible Recaudación	811,00
Subtotal Remanente después de "Dudoso Cobro"	2.070.303,34
5. Exceso Financiamento Afectado (Desviacións Financiamento Positivas)	174.773,37
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (1+2-3-4-5)	1.895.529,97

Todo o cal infórmase aos efectos oportunos, e en execución do previsto no artigo 56º das Bases de Execución do Presupuesto, dándose conta do presente informe ao Pleno da Corporación, tal e como se establece nese mesmo artigo."

O Pleno da Corporación dase por enterado.

9.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DE ALCALDÍA ADOPTADAS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por R.D. 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En consecuencia dáse conta das Resolucións da Alcaldía desde o número 234 ao número 349.

Asunto	Nº Decreto	Data Sinatura
APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA EZEQUIEL LÓPEZ	234/2015	21/05/15
APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE PISTA MUNICIPAL EN FREIXIDO	235/2015	21/05/15
REGULACION FACTURACION ELECTRONICA	236/2015	21/05/15
NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN DE OBRA PARA O CONTRATO DE MELLORA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL	237/2015	21/05/15
INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO	238/2015	22/05/15
LEVANTAMENTO REPARO-ESTIMACION SOLICITUDE PRESENTADA POR Dª MARIA AZAHARA IGLESIAS VILLAR EN REPRESENTACION DE D. DANIEL IGLESIAS PICOS	239/2015	22/05/15
ARQUIVO DO EXP. OBRA MENOR 2013/U009/000050 - INICIO DO EXP. OBRA MAIOR 2015/U008/000012	240/2015	26/05/15
ADXUDICACIÓN MEDIANTE CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE EXTERNO EN DIVERSAS OBRAS INCLUIDAS EN PLANS PROVINCIAIS	241/2015	26/05/15
CANCELACIÓN DE PRESTAMOS BANCO SABADELL-GALLEGO	242/2015	26/05/15
CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO	243/2015	27/05/15
DECLARACION DESISTIMENTO DA RECLAMACION PRESENTADA POR Dª SOCORRO CHEDA CHEDA (EXPTE 11/14 RP)	244/2015	27/05/15
LICENZA DE OCUPACIÓN DE TERREO PÚBLICO (EXP. 21V/2015)	245/2015	27/05/15
APORTACIÓN GRUPOS POLÍTICOS DE XANEIRO A MAIO 2015 EN CANTO AO GRUPO E AO NÚMERO DE CONCELLEIROS	246/2015	27/05/15
ASISTENCIAS CONCELLEIROS MARZO 2015	247/2015	27/05/15
NOMINA MAIO DE 2015	248/2015	28/05/15
APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE VIAIS MUNICIPAIS: A REVOLTA-LUDEIRO E A PRESA"	249/2015	28/05/15



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA EN A MAGDALENA"	250/2015	28/05/15
REMISION EXPEDIENTES Ó TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA CON/AD, SEC.1 001- A CORUÑA E EMPRAZAMENTO Ó INTERESADO- P.O 0000134/2015 IN (MARIA BELEN LAMAS PARDO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA)	251/2015	28/05/15
NOMEAMENTO DE D. ALBERTO DIAZ GARCIA COMO FUNCIONARIO EN PRACTICAS DO GRUPO C1, ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS , CLASE ESCALA BASICA, CATEGORIA OFICIAL POLICIA LOCAL	252/2015	29/05/15
PERSOAMENTO NO INCIDENTE DE EXECUCION 0000042/2013 0001-M PROCEDEMENTO ABREVIADO 42/2013	253/2015	01/06/15
PAGAMENTO A XUSTIFICAR A FAVOR DE ALBERTO DIAZ GARCIA	254/2015	02/06/15
PAGAMENTO A XUSTIFICAR A FAVOR DE ANDRES TOJEIRO GARCIA	255/2015	02/06/15
ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	256/2015	03/06/15
FINALIZACIÓN DOS EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	257/2015	03/06/15
LEVANTAMENTO DE REPARO- RECURSOS TRIBUTARIOS	258/2015	04/06/15
CONTRATACIÓN DUNHA LIMPADORA POLA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIONES LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO LIMPADOR/A.	259/2015	05/06/15
REINGRESO Ó SERVIZO ACTIVO DE D ^a . RAQUEL DUARTE NÚÑEZ, FUNCIONARIA DE CARREIRA DO CONCELLO DE CEDEIRA	260/2015	05/06/15
CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA NAJIA TAOUSSI	261/2015	05/06/15
CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA DOUNIA BENHAMMOU	262/2015	05/06/15
CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA CATHERINE BEJARANO RICAURTE	263/2015	05/06/15
CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA MARIA SOL PICOS LOPEZ	264/2015	05/06/15
CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA MERCEDES VELO FERNANDEZ	265/2015	05/06/15
INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	266/2015	05/06/15
APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE ABASTECIMENTO DE AUGA Á LABOREÑA	267/2015	05/06/15
APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN BEREIXO-ERVELLÁS E OUTROS	268/2015	05/06/15



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

CERTIFICACIÓN DE DECLARACIÓN DE PRESCRIPCIÓN URBANÍSTICA (EXP. 2015/IUB/000006)	269/2015	08/06/15
ADQUISICION DO INMOBLE SITO NA R/ CONSISTORIO Nº 1	270/2015	09/06/15
LEVANTAMENTO DE REPARO-APROBACION DE FACTURAS	271/2015	09/06/15
NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL PARA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA DE DATA 10.06.15	272/2015	10/06/15
APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO SUBMINISTRO "MELLORA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL"	273/2015	10/06/15
APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS MUNICIPAIS EN OS CANDALES E VECIÑEIRA"	274/2015	10/06/15
APROBACIÓN DA FACTURA E CERTIFICACIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO RÚA DEPORTES	275/2015	10/06/15
APROBACIÓN DEFINITIVA MC 08 2015 GC 05 2015	276/2015	10/06/15
INDEMNIZACION GASTO TELEFÓNICO XANEIRO 2015 AO 10 DE XUÑO 2015 AMBOS INCLUIDOS	277/2015	10/06/15
APROBACIÓN DEFINITIVA MC 09 2015 TC 03 2015	278/2015	11/06/15
DECRETO NÓMINA EXTRAORDINARIA XUÑO 2015	279/2015	11/06/15
ARQUIVO DO EXPEDIENTE 1/14 MP (INDEMNIZACION REPOSICION MOBILIARIO PUBLICO)	280/2015	11/06/15
APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS: A CARBALLA. DTC-93	281/2015	11/06/15
APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PENADAGUÍA, CIMADEVILA E VILARNOVO. DTC93	282/2015	11/06/15
APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN FINAL E AUMENTO DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PENADAGUÍA, CIMADEVILA E VILARNOVO	283/2015	11/06/15
ASISTENCIAS AS SESIÓNS MESAS DE CONTRATACION DENDE 25/03/2015 AO 07/04/2015	284/2015	12/06/15
CESE DE PERSOAL EVENTUAL D.ª OLGA IGLESIAS BEREIJO	285/2015	12/06/15
CESE PERSOAL EVENTUAL D. JOSÉ LUIS PARADA FREIRE	286/2015	12/06/15
ASISTENCIAS CONCELLEIROS ABRIL, MAIO E ATA O 09 DE XUÑO 2015	287/2015	12/06/15
DEVOLUCIÓN DO AVAL DA OBRA "MELLORA DE ESPAZOS PEATONAIS EN PRAZA GALICIA, AV. ROSALIA DE CASTRO, PASEO DA MARINA ESPAÑOLA, ARRIBA DA PONTE E PRAZA DO PEIXE"	288/2015	12/06/15



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

NOMEAMENTO DE SECRETARIA ACCIDENTAL PARA SESIÓN CONSTITUTIVA DO DÍA 13.06.2015	289/2015	12/06/15
RELACION APROBACION DE FACTURAS-REPARO	290/2015	12/06/15
NOMEAMENTO DE D. ANTONIO RODRIGUEZ FABELLO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL , SUBESCALA TECNICA, CATEGORIA SUPERIOR	291/2015	18/06/15
CONTRATO MENOR PRA O SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS, ANUALIDADE 2015	292/2015	18/06/15
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE MAGDALENA PÉREZ MÉNDEZ	293/2015	19/06/15
REMISIÓN DA OFERTA AO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PERSOAS PARA INFORMACIÓN TURÍSTICA.	294/2015	24/06/15
REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PÚBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DOUS SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS	295/2015	24/06/15
ANULACION RECIBOS LIXO INFO 33.2015	296/2015	24/06/15
INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	297/2015	24/06/15
LICENZA DE OCUPACIÓN DE TERREO PÚBLICO (EXP. 26V/2015)	298/2015	24/06/15
LICENZA DE OCUPACIÓN DE TERREO PÚBLICO (EXP. 27V/2015)	299/2015	24/06/15
RESCISIÓN DO CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE GABINETE DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO	300/2015	24/06/15
APROBACION DO COBRO DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE MAIO DE 2015	301/2015	25/06/15
ARQUIVO DO EXP. DE ACTIVIDADE 2015/U013/000011 – INICIO DO EXP. DE CAMBIO DE TITULARIDADE 2015/U002/000008	302/2015	25/06/15
SUBVENCIÓN NOMINATIVA A COMISIÓN DE FESTAS SAN ANTONIO 2015	303/2015	25/06/15
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES MONITORES PARA O SERVIZO NAS VACACIÓNS: IGUALDADE, XOGO E CONCILIACIÓN	304/2015	25/06/15
APROBACIÓN DEFINITIVA MC 10 2015 GC 06 2015	305/2015	26/06/15
CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA MERCEDES VELO FERNANDEZ	306/2015	26/06/15
NOMINA DE XUÑO DE 2015	307/2015	26/06/15
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA MONITORA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS	308/2015	26/06/15
CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS-2015. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE OFERTAS	309/2015	29/06/15



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DOUS SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTENIMENTO DE PRAIAS	310/2015	30/06/15
RECOÑECEMENTO DO PRIMEIRO TRIENIO A DONA MARIA YOLANDA PÉREZ COSTA	311/2015	30/06/15
INCOACIÓN EXP. RUINA 4/15, CON MEDIDAS DE SEGURIDADE	312/2015	30/06/15
REINCORPORACION DE D. PABLO JATO DIAZ COMO POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE CEDEIRA	313/2015	30/06/15
APROBACIÓN DE FACTURAS	314/2015	30/06/15
CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS	315/2015	01/07/15
NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE	316/2015	01/07/15
CESE DE VICTOR HUGO CASTRO PÉREZ COMO POLICIA LOCAL POR FINALIZACIÓN DA COMISIÓN DE SERVIZOS	317/2015	01/07/15
CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PERSOAS PARA INFORMACIÓN TURÍSTICA.	318/2015	01/07/15
NOMEAMENTO DE CONCELEIROS-DELEGADOS	319/2015	02/07/15
ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	320/2015	02/07/15
LICENZA DE OCUPACIÓN DE TERREO PÚBLICO (EXP. 29V/2015)	321/2015	02/07/15
LICENZA PARA A APERTURA DE GABIAS, EXPLORACIÓNS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO (EXP. 7Z/2015)	322/2015	02/07/15
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA SUBSTITUCION DAS VACACIÓNS DE MARÍA ISABEL PELAEZ MONTERO	323/2015	02/07/15
MANDAMENTO PAGO A XUSTIFICAR-ANTICIPO DE CAIXA FIXA	324/2015	03/07/15
ARQUIVO DO EXPEDIENTE INCOADO A CARMEN CARUNCHO BELLÓN E FÉLIX CARUNCHO BELLÓN (EXPT. 3/2015 O.E)	325/2015	07/07/15
ORDEN DE EJECUCIÓN A LOS HEREDEROS DE ESTRELLA GARCÍA RODRÍGUEZ (EXP. 5/2015 O.E)	326/2015	07/07/15
NOMEAMENTO DE EVA PÉREZ ÁLVAREZ COMO MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO DE INSERCIÓN LABORAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "TERRITORIO DE EMPREGO 2015-2016"	327/2015	09/07/15
CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DON MAMOUN BELHAJ	328/2015	09/07/15



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DOUS SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS	329/2015	09/07/15
XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA A DONA CATHERINE BEJARANO RICAURTE	330/2015	09/07/15
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DA CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS.	331/2015	09/07/15
CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN AUXILIAR DE POLICIA LOCAL	332/2015	09/07/15
CONCESION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	333/2015	09/07/15
SOLICITUDE DE PRÓRROGA PARA EXECUTAR O CONTRATO "MELLORA DAI LUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL"	334/2015	09/07/15
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN TRABALLADOR CON OCUPACIÓN DE BAÑISTA-SOCORRISTA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE PRAIAS	335/2015	09/07/15
APROBACIÓN DEFINITIVA MC 11 2015 GC 07 2015	336/2015	09/07/15
CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DE EXECUCIÓN OBRA INCLUIDA NO DTC93 ADIC.1/2014	337/2015	09/07/15
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PERSOAS PARA AS OFICINAS DE INFORMACIÓN TURISTICA DURANTE DOUS MESES	338/2015	10/07/15
ARQUIVO DO EXPEDIENTE INCOADO A MERCEDES LÓPEZ SANDE (EXPT. 9/2015 O.E)	339/2015	10/07/15
DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA	340/2015	13/07/15
AMPLIACIÓN DA LISTA ABERTA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL	341/2015	14/07/15
ORDE DE EXECUCIÓN ÓS HERDEIROS DE TRINIDAD RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (EXP. 6/2015 O.E)	342/2015	14/07/15
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN TRABALLADOR CON OCUPACIÓN DE BAÑISTA-SOCORRISTA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE PRAIAS	343/2015	14/07/15
CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA PARA COMPRA DE ALIMENTOS DE PRIMEIRA NECESIDADE	344/2015	15/07/15
INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	345/2015	15/07/15
Modelos AEAT 111, 115 e 303 do segundo trimestre de 2015	346/2015	20/07/15



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL PARA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 20.07.2015.	347/2015	20/07/15
CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA PARA PAGO DE FACTURAS POR ASISTENCIA AO "CAMPUS PICAPEIXE" NO MES DE XULLO DE ONCE MENORES.	348/2015	20/07/15
APROBACIÓN DEFINITIVA MC 12 2015 TC 04 2015	349/2015	22/07/15

O Pleno da Corporación queda enterado.

10.- MOCIÓNS DE URXENCIA

Polo Sr. Presidente pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Rubido Ramonde, que di: Nós aquí tiñamos anunciada unha moción relativa á posible adxudicación mediante concurso dunha finca para a construción dun xeriátrico. Ao final meditamos sobre este tema e decidimos non presenta-la moción porque preferimos abrir, mediante rogos, un periodo de negociación, consensualo entre todos. Presentar unha moción pode ser unha situación infantil incluso, chegamos aquí, vostedes a aproban e sería un éxito. Vostedes a rechazan, tamén sería un éxito. Entón non queríamos entrar xa tan pronto nese tema. E queremos entón que entre na fase de rogos. Queremos que se abra unha mesa para aprobar as cláusulas administrativas que se fagan para ese concurso, que sería para poñer a concurso esa finca con retorno para o concello dentro de 50 anos. As empresas que decidan facer un xeriátrico. E rogar a ver se podemos abrir esa fase de negociación e consensuar entre todos unha opción. Vou seguir cos rogos, si non lle importa.

O Sr. Alcalde di: Non me importa.

11.- ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. Rubido Ramonde di: No mes de maio adquiriuse un inmovible ao lado da biblioteca. Nosoutros, máis pronto que tarde, gustaríanos, e rogamos que vostedes acepten, un proxecto que integre ese edificio dentro da biblioteca, delle accesibilidade á biblioteca, con ascensor, e xa postos a preparar ese edificio fagan unha revisión das condicións xerais da biblioteca. Creo que debe contar cunha saída de emerxencias. Revítese todas as instalacións eléctricas. Hai que ter en conta que, en beneficio de Cedeira, é un edificio que conta con vinte e cinco mil exemplares, que pode ser trinta toneladas de papel, que non está agora mesmo nas condicións máis ideais. Entón, redactar un proxecto que revise incluso a estrutura tamén antiga de madeira -cremos que hai carcoma tamén- e, en liñas xerais, unha intervención sobre a



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

biblioteca para que aumente espacio, accesibilidade, seguridade e que teña uns mecanismos contra incendios. Ese é un rogo.

Outro rogo que queremos facer e que está moi de actualidade o tratamento da auga potable, a auga doméstica, co tema que pasou co embalse de Valdoviño. Dado que as instalacións de tratamento das augas que xestiona Viaqua teñen xa vinte e cinco anos, gustaríanos que se requirira a Viaqua a fin de que valorara a renovación deses equipos, si é necesario, e emita un informe ao respecto.

E nada máis, eses eran os tres rogos que queríamos facer.

O Sr. Alcalde di: Eu quería contestarlle un a un, moi breve. Co tema do xeriátrico agradézolle en nome do goberno a súa proposta. Tamén lle agradecería que cando vostede estaba gobernando que o fixera, e que non saia dicindo que xa está preparando o prego de condicións polo outro lado. Pero bueno, está ben admitir os erros.

Co tema da biblioteca, levamos un mes e medio, que parece que leváramos vinte anos nós coa biblioteca. É dicir, puideron tamén vostedes haber feito esos informes técnicos e todo iso que me está dicindo, que me parece moi ben porque é un patrimonio noso que temos que coidar.

E respecto de Viaqua, o mesmo. Levamos un mes e medio e tamén, creo que durante esta última lexislatura se puido haber mirado un pouquiño eso.

De todos modos o do xeriátrico sí que é unha cousa que considero moi importante e que temos que falalo e miralo entre todos. Sobre todo as ubicacións, o tipo de xeriátrico que sería, a concesión, a cantos anos... eso sí que entre todos a mín tamén me gustaría que o puidésemos consensuar.

O Sr. Rubido Ramonde di: Lamento que malinterpretase.

O Sr. Alcalde di: Non é malinterpretar.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu fíxenlle a introducción de que en maio, é dicir, hai pouco, adquiriuse un inmovible que vai a facer posible a transformación, ¿entende? Díxenlle que un toma conciencia, con todo o que foi o problema de Ferrol, pois toma conciencia de que as instalacións actuais con que conta o concello teñen vinte e cinco anos. Igual as hai que renovar. E en canto ao do xeriátrico cólleme vostede co paso cambiado, porque realmente non se iniciara nada. Habíase iniciado unha redacción dos pregos pero nada máis.

O Sr. Alcalde di: Estamos dicindo aquí que o falemos cando estaban vostedes gobernando estaban cos pregos. Eu estoulle ofrecendo dende o primeiro momento...

O Sr. Rubido Ramonde di: Estábanse redactando os pregos.

O Sr. Alcalde di: Quero facerlle o último rogo, que é unha dúbida. Que é, o carreiro este que se pensaba comprar na calle Silva queríamos saber para qué era. Porque están preguntándonos os propietarios qué imos facer.

O Sr. Rubido Ramonde di: Finalidade non tiña ningunha máis que evitar que era un foco de suciedade para os veciños, e que aplaudiron os veciños esa intervención. Parecelles mal esa intervención aos propietarios, negociouse cos propietarios e propuxeron vender. A



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

documentación que presentaron é insuficiente. De todas formas a Secretaria poderalle informar dos privilexios que ten o Concello para rexistrar unha propiedade, e por eso non habería problema. E eu agora convírtoo tamén en rogo, que levara a cabo ese trámite. Viable para edificar non sei se é posible, pero non é viable porque é un retal.

O Sr. Alcalde pregunta: ¿Algún rogo máis?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu quería facer unhas preguntas, nada máis. Quero ademáis que conste en acta, o tema das uchas da anterior comisión quería preguntarlle ao Sr. Esteban si as recolleron.

O Sr. Blanco Garrote di: Nalgúns lugares sí, noutros non.

A Sra. Rodríguez Pérez di: E quería preguntarlle tamén o tema dos xustificantes das facturas. Si están a elo tamén.

O Sr. Blanco Garrote di: Sí, porque Pepe ven agora a principios de agosto, que é o que leva todo o tema do papeleo, dos xustificantes de pago e todo iso.

O Sr. Alcalde di: Esteban, unha pregunta, por favor, solo. Respecto á explicación que nos habías dado, para non entrar en máis detalles, aqueles 700 euros que dicías que había, ¿iso vaise facer efectivo de entrega ó Concello? É que neste caso non sei cómo se pode facer, si tería que facelo como donación ao concello.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Tería que ingresalo.

O Sr. Alcalde di: Unha aportación da comisión de festas.

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno, con esto se cerrou o trámite de preguntas.

O Sr. Pérez Riola di: Teño unha. A obra que se fixo no paseo fluvial, que protesta moita xente, que está inacabada, leva dous anos. A gravilla gorda e máis a madeira sin poñer polos lados... ¿quén a fixo? ¿o Concello, Costas?

O Sr. Vilela Santalla di: Esta obra fixoa Viaqua.

O Sr. Pérez Riola di: ¿Quén a pagou? ¿O Concello, Costas?

O Sr. Vilela Santalla di: Viaqua.

O Sr. Pérez Riola di: ¿Pagouna Viaqua?

O Sr. Vilela Santalla di: Fixo todo Viaqua. Incluso levou... faltan alí dous tablóns.

O Sr. Pérez Riola di: Fala moita xente que agora non verán úsase máis zapato fino e é moi gorda a terra. Por eso diríamolle a Viaqua que bote polvillo.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Vilela Santalla di: Viaqua fixo a obra pero obriga non tiña de facela.

O Sr. Pérez Riola di: Bueno, pero tena que deixar como estaba.

O Sr. Muiño Vilela di: ¿Con qué obxectivo vostedes compraron as bicicletas?

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero, imos a ver...

O Sr. Muiño Vilela di: Eu estoulle preguntando, ¿con qué obxectivo compraron? Quero dicir eu, están ahí, ¿para qué as queren?

O Sr. Rubido Ramonde di: Está xustificado na solicitude á Xunta, que o aprobaron.

O Sr. Muiño Vilela di: Si, pero bueno, eu dígolle, ¿con qué obxectivo?

O Sr. Rubido Ramonde di: Iniciar o cambio de hábitos, como fixo Ferrol, e como fixo Narón, como fixo A Coruña. Está xustificado na solicitude.

O Sr. Muiño Vilela di: Mire, teño entendido que costaron vinte tantos mil euros, vinte e dous mil euros, ou vinte e cinco, e vostedes non se deron conta de que eses cartos iban moito máis aproveitados, porque as bicicletas non se poden usar e van a aparecer destrozadas. ¿Non irían mellor empregados nun camión que teñen multiusos, que é da idade de pedra e non pasa nin revisión o tacógrafo, amén das desbrozadoras que teñen todas desfeitas? Teñen unha máquina que, por certo, si nos permite o que vai facer o museo marítimo, imos sacar a ancla de ahí e imos colocar a máquina limpapraias... que eu non sei, ¿a quen se lle ocorreu traer unha máquina que non funciona? Nadie traballa con ela. Costou sete ou oito ou nove mil euros. E a última, voulle facer a última, creo que o que interveu chámase José Luis Parada, ¿non?

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Estamos preguntando a mín?

O Sr. Muiño Vilela di: Estoullo preguntado a vostede, sí. Era asesor seu, anteriormente. ¿Sí ou non?

O Sr. Rubido Ramonde di: Sí.

O Sr. Muiño Vilela di: Qué curioso que unha persoa que ganara 25.852 euros non o asesorara para poñerlle aquí un asunto de megafonía. Ou sexa que antes escoitábase perfectamente. Agora nosoutros somos afónicos. ¿Qué fai gañando tantos cartos sendo tan pouco asesor? ¿Por qué non puxo aquí megafonía para que escoitemos todo o mundo?

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu teño entendido que estamos nunha fase de preguntas, pero bueno, estase retrotraendo todo ao pasado...

O Sr. Muiño Vilela di: Estamos nunha fase de preguntas en xeral.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Pois claro que é necesario, xa o sabe vostede, cando faga a próxima campaña de subvencións de medio ambiente pide vostede un camiión, por suposto que é necesario. Pero eso non exclúe que se haxa establecido un servizo de bicicletas que, si vostede se asesora, con turismo, está moi demandado polos turistas. Qué me vai a dicir vostede agora de administración e xestión de cartos. No seu momento vostede pertenceu a un goberno que gastou trinta mil euros nun reloxo de sol.

O Sr. Alcalde di: E vimos ó pasado.

O Sr. Rubido Ramonde di: É que eu non entendo. Aquí estamos ao que estamos e as preguntas son de control ó goberno, pero que estase convertindo nun proceso á oposición.

O Sr. Alcalde di: Nun diálogo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno señores, entón...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Perdón, señor Luis Rubido, estas preguntas...

O Sr. Rubido Ramonde di: E con alusións persoais de xente que non está aquí.

A Sra. Rodríguez Pérez di: De todas formas, eu creo que estas preguntas son normais entendo eu nestes primeiros plenos. Este é o segundo pleno, o primeiro ordinario que temos despois do de organización, creo que son normais cando nós somos o goberno que nos acabamos de instaurar como tal e non tivemos ningún traspaso de poderes, non falamos con vostede ou vostede con nós para indicarnos cómo estaban determinados temas. Eu creo que sí debeu facelo no seu momento. Pero bueno, quero dicir, que tamén é un pouco a dinámica. É normal que agora nós teñamos preguntas que facerlle de cousas que nos chegan novas e que non sabemos, que arrancan.

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero vostedes fixeron o mesmo exercendo a oposición e dixeron o que lles deu a gana. Agora tócalles a vostedes. Isto é un trámite de control ao goberno.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Por suposto. Eu diso non teño nada que dicir.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non entra dentro dos protocolos dun pleno, vostedes cerran un pleno...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non, non, pero nós non o temos por qué cerrar e eu quero que vostedes falen e digan o que teñan que dicir e nós igual. Prefiro eso, que haxa diálogo, nada máis. Aproveitando a pregunta de Muiño, unha dúbida. A asesoría á que se facía referencia, que non quero nomear a nadie, pero a asesoría á que facía referencia Muiño, ¿teñan un contrato vostedes con esa persoa?

O Sr. Rubido Ramonde di: Imos ver, eu só remítome á documentación que obra, e por tanto iso é un tema dos técnicos. Non me faga vostede, ao mellor por coñecemento persoal e



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

profesional extenderme. Non cabe. Esa pregunta faga os técnicos a ver o que obra nos arquivos do concello.

A Sra. Rodríguez Pérez di: É descoñecemento. Quería sabelo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non sei si me equivoquei no que oín. Falaba da ancla que a van quitar de ahí.

O Sr. Muiño Vilela di: Sí. A ancla eu non sei para qué está posta ahí. Unha ancla á que poñen un cristal e non se ve, xa me dirá vostede a min.

O Sr. Rubido Ramonde di: Esos son temas que hai que corrixir.

O Sr. Muiño Vilela di: Vamos telo que corrixir nosoutros. Como moitas das cousas que temos que corrixir nosoutros. Eu faláballe desto porque o camión multiusos non luce como as bicicletas. As bicicletas van utilizar os señores veraneantes, pero o camión multiusos ten que estar traballando a diario e as desbrozadoras teñen que estar traballando a diario. Os traballadores teñen que estar traballando a diario. ¿E sabe por qué lle digo isto? Porque ten todo desfeito. Está en mal estado. ¿E sabe qué pasa? Cando nos queden algunhas pistas por desbrozar van dicir, non vedes estes non funcionan.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ten vostede a oportunidade de adaptar ó Concello...

O Sr. Muiño Vilela di: Eu estoulle dicindo que gastaron cartos en gastos supérfluos que non valen para nada

O Sr. Rubido Ramonde di: Son criterios. Agora estoulle preguntando pola ancla e non me está contestando. Forma parte da historia donde está ubicada.

O Sr. Muiño Vilela di: Hai dúas máis. ¿Ou non sabe que hai dúas máis no mesmo muelle?

O Sr. Rubido Ramonde di: Non teño esa información.

A Sra. Rodríguez Pérez di: É certo, unha das primeiras reclamacións que atendimos aquí respecto á áncora foi que o cartel informativo que puxeron ó lado, que está mal. Hai datos incorrectos e un veciño deste pobo ten toda a información correcta para o seu coñecemento.

O Sr. Rubido Ramonde di: É unha reprodución exacta dun libro escrito por un autor de naufraxios. Si se equivocou o autor, pois non sei.

O Sr. Alcalde di: Si que vai a haber que facer unha reparación dela porque produce moita condensación e en determinadas horas do día non se ve. Ben o saben.

O Sr. Casal García di: A min, fora xa de pleno, gustárame dicir, e creo que falo por todos, que á oposición hai que darlle o xogo que se merece porque representa case ó cincuenta por cento dos cedeireses. Entón, por exemplo as mocións, eu creo que as poden presentar



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

vostedes por rexistro perfectamente, non é necesario que sexa pola vía de urxencia. Pola vía de urxencia dá a sensación como se non llas quixéramos aceptar. Vámostas a aceptar. Ó mellor, claro, se poñen quince mocións nun pleno non pode ser. Pero un número razoable como é este, eu creo que as poden presentar por rexistro. Que as debían presentar por rexistro e ímostas aceptar.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e unha horas e quince minutos do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como secretaria, dou fe.